

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 22 de abril de 2014**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e cincuenta e cinco minutos do día 22 de abril dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(366).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

Ratifícase a urxencia por todos os membros presentes.

**2(367).- AVOGACIÓN E POSTERIOR DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL: ÁREAS DE URBANISMO, CASCOS HISTÓRICOS, GRANDES PROXECTOS E PATRIMONIO.**

Con data 22-04-2014, a Alcaldía-Presidencia emitiu a seguinte proposta de delegación de competencias da área de Urbanismo, Cascos Históricos Grandes Proxectos e Patrimonio:

*“Con motivo da ausencia da membro do Goberno e primeira tenente de alcalde, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego, dende o día 22 ata o 30 de abril de 2014, ambos inclusive, e coa finalidade de garantir o normal funcionamento das áreas de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio, nela delegadas por acordo da Xunta de Goberno Local, sesión ordinaria do 8 de febreiro de 2013, esta Alcaldía-Presidencia emite a seguinte*

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO:

Primeiro.- Avogar as competencias delegadas das áreas de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio na concelleira D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego que se conteñen no acordo da Xunta de Goberno Local de data 08 de febreiro de 2013 dende o día 22 ao 30 de abril, ambos incluídos, recuperando novamente a súa vixencia a devandita delegación ao día seguinte do período indicado.

Segundo.- Delegar no concelleiro D. DAVID REGADES FERNÁNDEZ as competencias da Xunta de Goberno Local referidas as áreas de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio, en todos os termos que se conteñen no acordo da Xunta de Goberno Local, sesión ordinaria do 08 de febreiro de 2013, dende o día 22 ata o 30 de abril de 2014, ambos incluídos.

Terceiro.- Notificar o acordado aos concelleiros e demais persoal interesado e dar conta mediante a intranet municipal.

Cuarto.- O acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986 e darase conta del ao Pleno da Corporación para os efectos de información.”

Acordo:

A Xunta de Goberno acorda de conformidade coa anterior proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión sendo as catorce horas e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

rs.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.